

Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo.

A Costa de Dexo, comprendida entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé, na denominada costa ártabra, representa un lugar de grande importancia ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe, o que, engadido ó seu actual estado de conservación, o converten nun lugar excepcional que é necesario protexer na salvagarda dos seus valores naturais.

Estes recursos naturais necesitan dunha protección que asegure a súa persistencia e conservación compatible co uso público e desfrute da natureza neste espazo, tal e como se sinala na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da vixente Constitución e unha necesidade para asegurar a pervivencia dos nosos ecosistemas.

A devandita Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, define no seu artigo 16.1º os monumentos naturais como espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial así como as formacións xeolóxicas, os xacigos paleontolóxicos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

As competencias en materia de protección do medio ambiente e da paisaxe fóronlle conferidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.30º do Estatuto de Autonomía asumidas pola Xunta de Galicia a través do Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño.

Por estas razóns, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de marzo de dous mil,

Dispoño

Artigo 1º

Establécese un réxime xurídico especial para o espazo denominado Costa de Dexo, mediante a súa declaración como monumento natural, de acordo co establecido na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e da fauna silvestres.

Este réxime xurídico especial oríentase á protección e conservación dos importantes valores naturais que coexisten en canto á singularidade da súa xea, fauna e flora, así como a dos seus propios ecosistemas e hábitats naturais, e beleza das súas paisaxes, presentes ó longo de toda a orla litoral

Artigo 2º

Os monumento natural da Costa de Dexo abrangue unha extensión de 2.667,624 ha. E está constituído pola área litoral comprendida entre o faro de Mera e o porto de Lorbé, ademais das illas e illotes próximos á costa, situada no termo municipal de Oleiros, na provincia da Coruña. Da súa extensión total, 2.653,868 ha. corresponden á zona terrestre, e 13,756 ha. á zona peninsular.

Os seus límites xeográficos correspóndense cos do espazo definido na ordenanza 12 de conservación e protección de costas e praias, do plan xeral de ordenación urbana do Concello de Oleiros.

No anexo I figura un plano do espazo cos seus límites.

Artigo 3º

No ámbito do monumento natural da Costa de Dexo establécense as seguintes medidas de protección:

O réxime xurídico aplicable ós terreos pertencentes ó dominio público marítimo-terrestre e das súas zonas de servidume virá determinado pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e polo seu regulamento de desenvolvemento e execución (R.D. 1471/1989, do 1 de decembro), e as normas urbanísticas aplicables, sen prexuízo das prohibicións que se establecen con carácter xeral para todo o ámbito do monumento natural.

Prohíbense en todo o ámbito do monumento natural:

- a. Os campamentos e acampadas.
- b. Os desmontes e terrapléns
- c. Os vertedoiros e entulleiras
- d. Os vertidos de calquera tipo
- e. As queimas
- f. A colocación de carteis e anuncios publicitarios agás os que teñan relación coa defensa e sinalización do propio monumento natural
- g. A extracción de area e o recheo das zonas húmidas
- h. A modificación dos leitos públicos
- i. A instalación de parques eólicos
- j. Os aproveitamentos mineiros de xea presentes na área
- k. As edificacións permanentes de calquera tipo
- l. Fóra dos camiños e vías existentes, só se permitirá o estacionamento e circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola ou forestal.
- m. As cortas de árbores deberán ser autorizadas polo órgano competente en materia forestal.

Quedarán prohibidas, asemade, todas aquelas accións que poidan supoñer a destrución ou alteración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios de acordo co disposto na Directiva Hábitat 92/43/CEE.

O acceso ás illas incluídas no espazo natural requirirá autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente, que establecerá o réxime de visitas máis conveniente para a defensa das colonias de aves mariñas existentes alí.

Artigo 4º

A declaración como monumento natural non impedirá as actividades que non menoscaben os valores naturais que fundamentan a protección que con este decreto se pretende.

Poderán realizarse actividades de explotación de recursos mariños reguladas e autorizadas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Os plans de explotación de recursos mariños na zona, previos á súa autorización, deberán ser autorizados pola Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 5º

A Consellería de Medio Ambiente instará á supresión de toda actividade que non dispoña da autorización preceptiva, non se axuste ás condicións desta ou incumpra as prescricións de presente decreto.

Artigo 6º

A infracción do réxime de protección establecido para o monumento natural no artigo 3 do presente decreto e nas normas que se deriven dos plans de uso e xestión que o desenvolvan, serán sancionadas de acordo co disposto na Lei 4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, ou nas normas que, se é o caso, a substitúan e demais disposicións que a teor da natureza da infracción resulten aplicables.

Disposicións adicionais.

Primeira.- As actuacións urbanísticas derivadas da lexislación sectorial deberán axustarse ás limitacións establecidas no presente decreto.

Segunda.- Os efectos da declaración como monumento natural entenderanse sempre sen prexuízo dos dereitos privados existentes sobre os terreos incluídos no seu territorio.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior categoría, se opoñan ó disposto no presente decreto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente para dicta-las disposicións necesarias para desenvolve-lo presente decreto.

Segunda.- Este decreto entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación do Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, trinta e un de marzo de dous mil

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente